

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FORCAREI
CELEBRADA O DÍA 18 DE FEBREIRO DE 2016.**

ASISTENTES	
	GRUPO POLÍTICO
ALCALDESA:	
D ^a Belén Cachafeiro Anta.	PP
CONCELLEIROS:	
D. Ricardo Villaverde Iglesias.	PP
D. Vicente Búa Martínez.	PP
D ^a María Jesús Sineiro Vidal.	PP
D. Alejo Vidal Moreno.	PP
D. José Francisco Bouzas Vázquez	PP
D ^a Ana Isabel Doval Fraíz.	PS de G -PSOE
D. Miguel Pereira Fernández	PS de G -PSOE
D. José Manuel Álvarez Sanmartín	PS de G -PSOE
D ^a María Abilleira Pomar.	F.F
D. Roberto Jorge Correa.	BNG
Falta previa excusa:	
SECRETARIA:	
D ^a . M ^a Elena Sueiro Fernandez	

En Forcarei a 18 de decembro de 2016, xoves, sendo as doce horas trece minutos no Salón de Plenos da Casa Consistorial, previa convocatoria para o efecto, reúnense, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Forcarei.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Estando presente o quórum necesario, pola Sra. Presidenta declárase validamente constituída a sesión.



Pásase a continuación a trata-los seguintes asuntos incluídos na orde do día:

**1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA
17/12/2015**

A Sra. Alcaldesa da conta dos borradores da acta correspondente á data sinalada na orde do día, preguntando se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións ás mesmas.

Dna. María Abilleira Pomar, concelleira de F.F, sinala que no punto 7 , referido á adicación parcial de TA no período vacacional, onde consta que ela dixo: "Dna. María Abilleira Pomar, concelleira de F.F , integrante do grupo mixto, manifesta o seu voto en contra polos mesmos motivos que acaba de expoñer a concelleira socialista, ademais de que consideran que nun concello como Forcarei non se debería cobrar ningún soldo", quere deixar constancia de que non dixo que non se debería cobrar ningún soldo, senón que sinalou que non debería ser o soldo de alcaldía da contía máxima permitida.

Sometidas a votación, son aprobadas, por unanimidade de membros presentes, e ca salvidade indicada, a seguinte acta: acta da sesión do pleno da corporación de data 17 de decembro de 2015.

2.- DACION DE CONTA RESOLUCIÓNS E DECRETOS DE ALCALDÍA.

Pola Presidencia enténdese dada conta destas resolucións que, xunto coa súa relación, estiveron a

disposición dos Sres. Concelleiros dende a convocatoria da sesión, quedando enterada a Corporación Municipal.

3.- DACION DE CONTA DAS ACTAS DA XGL.

Dáse conta das actas da Xunta de Goberno Local seguintes, quedando enterada a Corporación Municipal:

Nº ACTA	DATA
23/2015	03/12/2015
24/2015	18/12/2015
1/2016	08/01/2016
2/2016	13/01/2016
3/2016	15/01/2016

4.- DACION DE CONTA DO ENVÍO DE INFORMES AO MINHAP

Pola Secretaria Interventora da Corporación dáse conta do envío en tempo e forma dos seguintes ficheiros ó MINHAP:

- Con data 29 de xaneiro de 2016 remitiuse a execución trimestral do orzamento, 4ºT do 2015.
- Con data 29 de xaneiro de 2016 remitiéronse os datos relativos ó 4ºT do PMP, de conformidade co artigo 4.1b da Orde HAP/2015/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e de conformidade co establecido na DT única do RD 635/2014 de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas, e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na LO 2/2012 de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.
- Con data 29 de xaneiro remitiéronse os datos relativos ó informe de morosidade anualidade 2015.

5.- MOCIÓNS


Antes de comezar ca moción que consta na orde do día, Dna. Ana Doval Fraiz, voceira do PSdeG-PSOE pregunta pola moción presentada polo seu grupo. A Sra. Alcadesa sinala que xa estaba feita a convocatoria do pleno cando se presentou dita moción e por iso non se incluíu na orde do día. Dna. Ana Doval indica que é unha moción e que está presentada en prazo, polo que procede debater a súa votación. Por parte de secretaria indicáselle a Alcaldía a lexislación aplicable que permite votar a urxencia ou non da moción. A Sra. Alcadesa insiste en que non está presentada en prazo.

5.1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A SOLICITUDE DUN PLAN DE ACTUACIÓN DO PARQUE DE MAQUINARIA DA DEPUTACIÓN NOS CONCELLOS.

D. Vicente Búa Martínez, voceiro do PP, da lectura ó texto íntegro da moción presentada polo Grupo Municipal Popular, no rexistro xeral do Concello de Forcarei en data 12/02/2016, con nº 475, en relación á solicitude dun plan de actuación do parque de maquinaria da Deputación nos concellos.

Indica D. Vicente Búa que a moción presentada carece de calquera tinte político, i que se presenta para dar a coñecer un problema grave e incompreensible. Nunha provincia como Pontevedra con 62 concello hai moitas obras por facer, e non entende que fai toda a maquinaria (pisóns, camións....) parada e os obreiros coidándoa pero sin traballar con ela. A Deputación debe ser un ente que apoie ós Concellos.

Aberta quenda de intervencións, D. Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG, integrante do Grupo Mixto, sinala que se trata dun argumentario totalmente político e que se fai un uso partidista dende o Concello,



cando se debe mirar máis polo concello que polo partido. O BNG e o grupo mixto indican que non saben porque se ataca ó parque móbil da Deputación, e non ó da Xunta que está paralizado. Indica que non poden aceptar leccións do PP en materia de servizos públicos porque van moi mal se pretenden que funcione o parque móbil da Deputación como o da Xunta, xa que o PP e a Xunta só están privatizando (neste punto procede a dar lectura a licitacións do DOG de obras e adjudicacións de carreiras autonómicas en conservación ordinaria). Preguntase si ese é o futuro dos servizos públicos que xestionamos. Deputación ten un Plan concellos que destina ós concellos para un plan de obras no lugar de xestionalo a Deputación a dedo como facía antes cando prestaba a maquinaria ós concellos. O seu grupo non se nega a facer unha moción en defensa do concello de Forcarei, pero si se lle pide o mesmo a todas as administracións públicas.

D. Vicente Búa di que ata o mes de xuño de 2015 o parque móbil da Deputación non parou nunca de traballar solucionando os problemas dos veciños: bacheos, limpeza de cunetas....Di que é normal que algunhas obras se contraten, pero que é moi sangrante que a maquinaria esta parada, e sinala que o que pasa na deputación de Pontevedra é vergoñoso e que a xestión ten moito que mellorar.

Por parte de Alcaldía concédeselle a D. Roberto Jorge Correa un turno de réplica, engadindo Alcaldía que si esto fose a Deputación non habería nin dereito a réplica.

D. Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG, di que lle sorprende que fale de mala xestión da deputación cando é a Xunta de Galicia a que lle da a empresas privadas unha conservación ordinaria de estradas durante todo o ano.

Dna. Ana Doval Fraiz, voceira do PSdeG-PSOE, indica que as máquinas de Deputación estiveron en agosto en Forcarei, a brigada de obras da Deputación en decembro fixo 20 actuacións, i que é falso que ata xuño se atenderan os 62 concellos da provincia. O seu grupo non pode apoiar unha moción que incorre en falsidades. A Alcaldesa xa recibiu unha comunicación por parte da Deputación solicitándolle que indicasen as obras que consideraban necesarias (sinalizacións, bacheos...). Podería facer como o Alcalde de Rodeiro, que incluiu nunha moción todas as obras que solicitou, o como o Alcalde de Cerdedo que retirou a moción. O plan da Deputación está operativo dende xaneiro, e cree que se debe traballar ca deputación.

A Sra. Alcaldesa sinala que a Sra. Ana Doval está a falar das vías de titularidade provincial, e hai un vixiante provincial que sempre foi o encargado de avisar das necesidades nas vías, e non o concello o que lle indique á Deputación cales son os problemas nas vías da provincia.

Dna. Ana Doval Fraiz di que a Alcaldesa o que non quere é traballar ca Deputación, que non hai ningunha petición de obras de Forcarei no rexistro da Deputación.

D. Vicente Búa sinala que non é necesario, que pode ser necesario plantexar unha obra, pero non o mantemento e conservación.

Dna. Ana Doval sinala que o que pasa é que non lles gusta o novo modelo de traballo da Deputación , a Sra. Alcaldesa resposta que non é que non lles guste, senón que o xestionan mal. A Sra. Ana Doval indica que as máquinas da deputación antes víñan só cada 4 anos, tres meses antes das eleccións. Non xustifica que estén paradas, senón que o que debate é o argumentario do PP, que non ten nin pés nin cabeza, xa que a maquinaria estivo na comarca no mes de agosto. (Continúan co debate do tema).

Sometido o asunto a votación resulta:

- Votos a favor: seis (6), Sres/as Concelleiros/as do PP
- Votos en contra: cinco (5), Sres/as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE, BNG e F.F

- Abstencións: ningunha.

Queda aprobada por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación a seguinte moción:

O voceiro do Partido Popular de Forcarei, Vicente Búa Martínez, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte

MOCIÓN PARA SOLICITAR UN PLAN DE ACTUACIÓN DO PARQUE DE MAQUINARIA DA DEPUTACIÓN NOS CONCELLOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Parque de Maquinarias da Deputación de Pontevedra leva sen funcionar desde hai seis meses. As custosas máquinas, valoradas en preto de 5 millóns de euros, e os traballadores do servizo están parados desde o mes de agosto, momento no que se retiraron dos concellos e non se volveron a mover do recinto.

O Parque de Maquinarias foi ata o de agora un referente en Galicia, e ofrecía un servizo moi importante a todos os concellos da provincia, incluído o Concello de Forcarei. Por todos é sabido que os concellos teñen recursos moi limitados, principalmente os de menor poboación, e este servizo prestaba unha axuda e un servizo fundamentais. Aínda que o seu principal cometido era o mantemento das estradas provinciais, a realidade é que o apoio que prestaba a concellos e colectivos foi moi importante.



Hai máis de 5 millóns de euros investidos na maquinaria deste parque que se están deteriorando, porque as máquinas deteríranse máis paradas que en funcionamento. Só o equipo completo de aglomerado, composto por unha estendedora e tres pisóns, ten un custe aproximado de 600.000 euros. A este hai que sumar o resto de maquinaria: 4 limpiapraias, 4 desbrozadoras, 4 niveladoras, 2 máquinas de cadeas, 2 pisóns, 2 cisternas de asfalto, un camión de bacheo, 1 retroescavadora, 3 palas mixtas, 6 camións, 1 camión góndola, 1 pala cargadora, unha cisterna de auga e un camión grúa. A estes gastos hai que incluír tamén a planta de aglomerado, da que saían preto de 1.000 toneladas diarias, así como os gastos do persoal, que diariamente van a traballar sen nada que facer.

Por iso é difícil de entender que os concellos da provincia estean endebedándose contratando a empresas privadas para garantir as mellores condicións de seguridade nas estradas municipais e provinciais, mentres se

desaproveitan os recursos humanos e materiais que hai dispoñibles na Deputación de Pontevedra. Non nos parece de recibo que os traballadores de servizo e todas a maquinaria do parque estean parados e desaproveitados, cando hai moitas e importantes necesidades que cubrir nos concellos. Como exemplo, podemos poñer os danos que as inclemencias climatolóxicas dos últimos meses provocaron en infraestruturas e equipamentos dos concellos.

Por todos estes motivos, o grupo municipal do Partido Popular solicita que se adopten o seguinte

ACORDO

Instar á Deputación de Pontevedra a que estableza un plan de actuacións co que dar resposta ás necesidades que hai nos concellos e aproveitar os recursos do Parque de Maquinaria que actualmente están parados.

6.-ROGOS E PREGUNTAS

D. Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG presenta os seguintes rogos e preguntas:

- ¿Quen foi o responsable de que en decembro se levara a cabo a presentación dun libro do cal autor está implicado nun delito de pederastia? A Sra. Alcaldesa indica que ela é a responsable de todo o que acontece no Concello, e que dito libro foi encargado xa hai tempo, pois interesaba facer un libro sobre o gaitero de Sorribas. Aclara que ninguén puxo ese dato no currículo e se encargou o traballo; como estaba prevista a presentación do libro nunha data determinada e xurdiu o rumor paralizouse esta e pedíronse explicacións, e aínda están a esperar por elas. Non se vai facer presentación algunha do libro mentres non se aclare o tema. D. Roberto Jorge da lectura a titulares de noticias de prensa e di que si se esforzaran un pouco o saberían. A Sra. Alcaldesa reitera que tan pronto se soubo a noticia suspendeuse a presentación. D. Vicente Búa, voceiro do PP intervén e aclara que a relación se mantiña ca editorial, e non co autor, e a editorial non sabía nada do tema. D. Roberto Jorge sinala que o PP nunca sabe nada, como en Madrid e Valencia. A Sra. Alcaldesa di que igual que o resto dos veciños de Forcarei, que tampouco viron publicado no BOP o posto de traballo do concelleiro do BNG.

A Voceira do PSOE, D^a Ana Doval, fai os seguintes:

- Ten coñecemento de que servizos sociais está xestionando menores en risco de exclusión. A Sra. Alcaldesa pensa que é certo. Dna. Ana Doval di que os servizos sociais están para previr, e para intentar que non se queden excluídos. A Sra. Alcaldesa di que están moi concienciados cos servizos sociais, e



que lles gustaría ter máis apoio da Deputación si esta quixera apoialos. Dna. Ana Doval indica que o PSdeG-PSOE vai estar moi vixiante, non en que se atenda, senón tamén en como se atende ós menores, tendo en conta que se deben protexer os dereitos dos menores e a confidencialidade do caso. D. Vicente Búa, voceiro do PP di que si sabe dalgún caso concreto que o comunique ó Concello, pois é responsabilidade súa dicilo, e que lle agradecen moito a súa colaboración nun tema tan delicado como este.

-Dna Ana Doval di que en canto ó Parque de Soutelo o Sr. Concelleiro D. Vicente Búa estaba avisado antes que ela polos veciños, e xa sabía que había cristais. (Os dous concelleiros entran nun debate sobre o tema).

- ¿Cando se van facer os arranxos da pista da Capela do Castro en Presqueiras e Quintillán e Meavía. A Sra. Alcaldesa di que o están estudando. D. Alejo Vidal, concelleiro do PP, intervéñ para dicir que Meavía-Quintillán está en concentración.

- O equipo de goberno vai autorizar o uso do campo de fútbol a unha asociación para uso cultural?. A Sra. Alcaldesa contesta que non viu ningunha solicitude.

- Roga que se retiren os cabalos soltos no monte de Soutelo, e indica que están moi preto da nacional.

D. Miguel Pereira Fernández, concelleiro do PSdeG-PSOE, volve a solicitar as reixas das arquetas dos camiños Cabanas, e que se alivien as rasantes das curvas de Gaxín que se inundan. A Sra. Alcaldesa resposta que cando vaia bo tempo. O Sr. Concelleiro di que se trata dun recordatorio, non dun rogo, e que para o próximo pleno volverá a recordarllo.

E non tendo outros asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa-Presidenta da Corporación, levanta a sesión, sendo as doce horas e cincuenta e cinco minutos, co que se da por rematado o acto, estendéndose a presente acta que asina a Sra. Alcaldesa-Presidente, comigo Secretaria, de todo o canto eu, dou fe.


Vº é Pr.

A Alcaldesa,



Asdo: Belén Cachafeiro Anta.

A Secretaria,



Asdo: Mª Elena Sueiro Fernández.